

1.4. A CONQUISTA DA GALIA E AS ORIXES DO CONFLITO CIVIL

A *lex Vatinia* daba moita marxe de manobra a César, cuxa gloria militar, en comparanza con Craso —e, sobre todo, con Pompeio—, era case inexistente. Agora ía ser gobernador de amplos territorios fronteirizos que podían prestarse a posibles campañas de conquista. Asemade, estaba facultado para nomear os seus propios lugartenentes ou *legati*, dereito que usualmente correspondía ao Senado. Xa que logo, a autoridade de que dispoñía nas súas provincias era case omnímoda.

De acordo co relato de César, o inicio das hostilidades na Galia baixo o seu goberno debeuse a un intento de migración do pobo helvecio cara a unha comarca da Galia. A súa intervención debeuse, dinos el, á necesidade de impedir que un gran continxente humano estivese moi preto da provincia romana. Esta decisión foi moi discutida, tanto polos seus rivais políticos na súa época, como por un bo número de estudiosos ao longo da Historia. A cuestión fundamental é esta: aproveitou César unha mínima escusa para emprender unha exitosa campaña militar ou pensou no ben común do Estado romano?

Quizais nunha combinación dos dous puntos de vista estea a verdade. É indubidable que César era un político e militar moi ambicioso, mais tamén é certo que a política romana cara á Galia non conquistada xa levaba varias décadas seguindo unha constante: favorecer o enfrontamento entre os distintos pobos que a habitaban. No inconsciente colectivo romano existía temor polos galos, que eran vistos como unha ameaza: a finais do s. IV saquearan Roma, e no s. III, durante a guerra contra Aníbal, foran aliados do cartaxinés.

Roma mantiña relacións de veciñanza, e sobre todo comerciais, con algúns dos pobos galos, nomeadamente os eduos e os secuanos (para a súa localización, remitimos ás notas da tradución), que ademais sostiñan unha

forte rivalidade entre si. A esta ecuación viñera sumarse nos últimos anos a presenza do rei xermano Ariovisto, quen puxera pé na Galia e obtivera unha posición dominante. Ao principio, Roma aceptou a intervención xermana, pois debilitaba tanto a eduos como a secuanos. Pouco despois, Ariovisto empezou a resultar incómodo: a Roma conviñalle que houbera liortas internas na Galia, pero non que alguén se convertese en hexemónico sen ningún contrapeso local. E talvez o movemento dos helvecios se debese, a fin de contas, á presión xermana.

Así, a actuación de César pode atopar xustificación na política de Estado: dábase unha situación inestable que conviña atallar antes de que empeorase. Por outra banda, podemos ter por certo que César mobilizou as súas tropas feliz e confiadamente, pensando xa nunha estratexia de conquista que sempre lle funcionou: enfrontarse a un só inimigo cada vez, asegurándose de ter superioridade táctica e numérica.

Unha vez en campaña, como facía todo militar romano, intentaba tirar o maior proveito posible, tanto público como persoal: é seguro que, cos beneficios dos botíns materiais e humanos (venta de escravos) que obtivo na Galia, liquidou todas as súas débedas e aínda lle sobrou para acumular unha boa fortuna, que empregaría convenientemente.

Pouco e pouco, César foi ampliando e consolidando as súas conquistas territoriais na Galia, como se pode apreciar no seu relato. Os seus progresos eran observados con preocupación pola oligarquía senatorial, e por iso os erros que cometeu César —e que el mesmo procura maquillar no seu relato— foron censurados duramente polos seus inimigos políticos: a batalla do Sambre contra os nervios (Libro II), a masacre practicada contra os pobos xermánicos dos usípetes e os tenteros (Libro IV), as case fracasadas expedicións a Britania (Libros IV e V), ou a desfeita que estivo a piques de sufrir en Xergovia (Libro VII). E esa crítica perdurou,

pois os analistas e intérpretes da figura de César levan séculos xulgando a súa actuación nesas circunstancias.

Polo que se refire ao triunvirato, a ausencia de César durante varios anos favoreceu os desencontros entre Pompeio e Craso, que sempre foran moito máis rivais que aliados. Como consecuencia, a oligarquía senatorial refíxose e conseguiu ocupar os postos claves no goberno da República. Por iso César decidiu convocar unha reunión con Pompeio e Craso na vila de Lucca, no norte de Italia. Da xuntanza o pacto saíu reforzado: Pompeio e Craso xunirían as súas forzas para ser cónsules no ano 55, ademais de adxudicarse importantes mandos militares para o seu período de proconsulado. Hispania sería para Pompeio, e Craso faríase con Siria, desde onde pretendía dar un gran golpe de efecto atacando e sometendo o Imperio Parto (amplas zonas de Oriente Medio e Próximo). César tamén saíu ben parado, xa que os outros dous se comprometeron a facer aprobar unha lexislación pola que o seu mando na Galia se estendería durante cinco anos máis.

Mais o equilibrio non durou: Pompeio deixou de ser xenro de César pola morte de Xulia (54), e Craso fracasou no seu intento de conquista, pois morreu na campaña contra os partos no ano 53. O remate do triunvirato foi aproveitado polos seus inimigos, que incitaron a Pompeio a que crebase o seu vínculo con César.

Como consecuencia deste devir dos acontecementos, a inestabilidade política foi medrando paseniñamente, e no ano 52 a desorde pública era cotiá en Roma, sobre todo nos períodos electorais, nos que moitos candidatos recrutaban bandas paramilitares para impoñer as súas ambicións. O Senado recorreu a Pompeio polo seu gran prestixio como xestor de situacións de emerxencia, e fixo que resultase elixido cónsul en solitario (*sine collega*), unha situación excepcional.

Pompeio impuxo a orde grazas ás súas habilidades militares e a certos cambios na lexislación, que dificultaban

o progreso dos políticos en determinadas circunstancias, e que César interpretou como dirixidas contra el. Unha delas trocaba o sistema de asignación de provincias para os excónsules: xa non se decidiría por sorteo a provincia proconsular xusto antes das eleccións, senón que sería obrigada unha demora de cinco anos entre o consulado e o proconsulado. Así, habería un amplo grupo de excónsules dispoñibles para ser designados gobernadores. Iso implicaba que o sucesor de César podería ser nomeado en calquera momento, se o Senado xulgaba que a súa campaña de conquista rematara.

Outra lei afectaba máis claramente aos propósitos de César, pois tiña que ver coas eleccións a cargos públicos. Existía unha regulación pola que os candidatos ás eleccións debían estar presentes en Roma con ocasión das mesmas. Esta norma fora antes, nalgunhas ocasións, deixada en suspenso para favorecer os intereses de máis dun candidato. César, que tiña pensado optar ao consulado do ano 48, contaba con que se lle concedese esa dispensa, pois consideraba que o ano 49 (no que se elixían os cargos públicos do 48) estaba cuberto aínda polo seu mandato como gobernador, que lle confería, ademais, inmunidade legal. Deste xeito, evitaría entrar na cidade e exporse a que os seus inimigos políticos o perseguisen nos tribunais. Unha vez, segundo os seus cálculos, elixido cónsul, a súa situación de inmunidade prolongaríase durante un ano como mínimo, ao que habería que engadir algún máis cando, como era preceptivo, se volvease facer cargo dunha provincia.

Mais as contas que facían os seus inimigos políticos non eran as mesmas; para eles, o seu mando remataba no 50: o seu mando proconsular de cinco anos comezara no ano 58 e fora renovado no 56 (con efectos no 55) para outros cinco. Pero César interpretaba que a prórroga só podía ter efecto a partir do remate do seu mando orixinal, no 54.

No ano 51, a tensión era moi alta: Pompeio non marchara a Hispania para facerse cargo do seu mando proconsular, senón que decidiu gobernar a provincia mediante *legati*, e mantívose acampado ás portas de Roma: xa non se trataba dun xeneral ambicioso cun exército adicto –César-, senón de dous. Os cónsules dese ano, hostís a César, propuxeron relevalo do seu mando na Galia.

Cada un dos dous bandos manobrou para impedir que prosperasen as iniciativas do outro. Chegou o ano 50, e o tribuno da plebe Gaio Escribonio Curión (?-49) propuxo que tanto Pompeio coma César depuxesen os seus mandos como procónsules, eliminando así as ameazas militares e o perigo dun enfrontamento civil. A moción foi aprobada, pero invalidada polo cónsul Gaio Claudio Marcelo (88-40). Pompeio non fixo nada, amosando así que deixaba de apoiar o seu antigo aliado. Mentres, das eleccións a cónsules para o 49 saíron elixidos candidatos contrarios a César. Este intuía xa que a situación non tiña saída para el, sobre todo vendo que Pompeio cada vez estaba máis preto de poñerse abertamente na súa contra.

A principios do ano 49 espalláronse azueiras sobre unha posible entrada armada de César en Italia. O Senado aprobou un ultimátum para que abandonase o seu mando e licenciase o seu exército. A medida foi vetada polos tribunos da plebe favorables a César. Coa situación no límite, César ofreceu un compromiso: quedar só con dúas lexións baixo o seu mando. O Senado declinou a oferta, e aprobou un *Senatus consultum ultimum*: unha disposición definitiva que declaraba a César inimigo público no caso de que non abandonase o seu mando militar.

César sentiuse obrigado a defender coas armas o seu prestixio e honorabilidade (*dignitas*), así como os seus dereitos políticos: cruzou o río Rubicón co seu exército, franqueando así a fronteira de Italia e desobedecendo as ordes senatoriais. Comezou unha guerra civil, para a que o Senado contaba coas tropas de Pompeio.

ÍNDICE

Introdución	7
1. Vida de César	9
1.1. Nacemento e primeiros anos.....	9
1.2. Servizo militar e primeiros pasos políticos.....	15
1.3. Cursus honorum.....	20
1.4. A conquista da Galia e as orixes do conflito civil.....	25
1.5. A Guerra Civil.....	30
1.6. Derradeiros anos: proxectos e morte	30
2. O exército romano	33
2.1. Unidades.....	33
2.2. Estratexia e tácticas	35
2.3. Campamentos.....	39
3. A Galia.....	41
4. Os commentarii de Bello Gallico	45
4.1. Tipo.....	45
4.2. Composición e publicación	47
4.3. Difusión e transmisión.....	48
4.4. Estrutura da obra.....	49
5. Esta tradución.....	51
6. Bibliografía.....	53
Libro I.....	57
Libro II.....	105
Libro III	131
Libro IV	153

Libro V	179
Libro VI.....	223
Libro VII.....	255
Libro VIII	321
Índice analítico	361